

MATERIA  
Metodoloxía de investigación

unidade  
didáctica  
4

TITULACIÓN  
Mestrado Universitario en Planificación e Xestión Territorial

# A fase cero dun deseño metodolóxico

**Cristina Botana Iglesias**

Área de Análise Territorial  
Departamento de Xeografía  
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679659>

**MATERIA:** Metodoloxía de investigación

**TITULACIÓN:** Mestrado Universitario en Planificación e Xestión Territorial

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica:

**Unidade I Preparando a investigación**

As bases de elaboración dunha investigación

Como elixir os temas, viabilidade, formular as preguntas chave e os problemas para resolver

**Unidade II O deseño dunha investigación**

Definir os obxectivos e as hipóteses de partida

Compoñentes da metodoloxía

**Unidade III O deseño teórico da investigación**

Compoñentes habituais do marco teórico

Organización das fontes teóricas

Recomendacións

**Unidade IV A fase cero dun deseño metodolóxico**

Desde onde nos aproximamos á investigación?

Obxectividade ou neutralidade?

Os problemas de falar por outros

Xerarquías na produción de coñecemento

Que significa descolonizar as metodoloxías?

Metodoloxías non extractivistas

Enfoque de xénero na investigación

**Unidade V Técnicas e instrumentos para a investigación**

Métodos, técnicas de recollida e análise de datos

Fontes para a investigación social

**Unidade VI O proceso de escritura dun traballo de investigación.**

Recursos para a escritura e a revisión

Elaboración de conclusións

Manexo de figuras e táboas

Modalidades de exposición e defensa. Recursos

## **ÍNDICE**

---

### **PRESENTACIÓN**

### **COMPETENCIAS E OBXECTIVOS**

### **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

### **CONTIDOS**

1. Punto de partida. Desde onde nos aproximamos á investigación?
2. Obxectividade ou neutralidade? Autorreflexividade e reflexividade
3. Os problemas de falar por outros
4. Xerarquías na produción do coñecemento
5. Que significa descolonizar as metodoloxías?
6. Metodoloxías non extractivistas
7. Enfoque de xénero na investigación

### **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

### **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

### **BIBLIOGRAFÍA**

## **PRESENTACIÓN**

---

A unidade didáctica «A fase cero dunha metodoloxía» pertence á materia Metodoloxía de investigación, impartida no primeiro curso do Mestrado de Planificación e Xestión Territorial. Trátase dunha materia optativa cunha carga lectiva de 3 créditos ECTS.

Na materia Metodoloxía de investigación o alumnado aprende a formular procesos de investigación aplicados ao territorio e a elaborar análises e diagnósticos das problemáticas a diversas escalas desde o ámbito local até o comarcal, rexional ou estatal. O alumnado que curse esta materia será capaz de deseñar metodoloxías de investigación e de manexar técnicas mixtas que serán imprescindibles no seu desenvolvemento profesional e académico.

A unidade didáctica IV desenvolve os contidos referentes ao deseño metodolóxico a partir dos enfoques que necesariamente definimos nunha investigación. Antes de afondar nas técnicas e instrumentos de investigación que veremos máis adiante, cómpre deternos a formular unha reflexión complexa sobre os obxectivos do noso traballo e os enfoques e posicionamentos epistemolóxicos cos que nos aproximamos ao ámbito de estudo. Os contidos desta unidade impartiranse en dúas sesións de docencia expositiva (2h) e 3h horas interactivas.

## **COMPETENCIAS E OBXECTIVOS**

---

O obxectivo xeral da materia de Metodoloxía de investigación é fornecer a formación teórica e práctica necesaria para elaborar o proceso dunha investigación, organizar as fases de traballo e as técnicas precisas para acadar os obxectivos da mesma, desde perspectivas abertas, transdisciplinares e interseccionais.

As competencias que se busca acadar con esta materia son, por unha banda, de tipo xeral (CX) e básicas (CB) e, por outra, competencias de tipo Transversal (CT) e específicas (CE).

### **1. Competencias xerais e básicas**

#### *Competencias xerais*

- CX1 Capacidade de buscar e seleccionar a información útil para resolver problemas complexos, manexando con soltura as fontes bibliográficas e estatísticas existentes.
- CG2 Capacidade de manter e estender formulacións teóricas fundadas para abordar problemas de investigación no campo da análise xeográfica e territorial.
- CG3 Capacidade de recompilar información espacial procedente de diferentes fontes e integrala en bases de datos xeoespaciais.
- CG4 Capacidade de planificar e realizar tarefas de investigación no ámbito dos estudos e análises territoriais.
- CG5 Capacidade para desenvolver unha perspectiva crítica sobre os diferentes aspectos que condicionan o uso humano do territorio.

- CG6 Capacidade para abordar os problemas desde unha visión holística que considere os efectos ambientais, sociais e económicos das decisións territoriais.

#### *Competencias básicas*

- CB6 Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/o aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- CB7 Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- CB8 Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formularen xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- CB9 Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
- CB10 Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

## **2. Competencias transversais e competencias e obxectivos específicos**

Por outra banda, as competencias transversais (CT) e específicas (CE) da materia de Xeografía de España en relación co grao son as seguintes:

#### *Competencias transversais*

- CT1 Capacidade de busca e selección de información.
- CT2 Capacidade analítica e de síntese.
- CT3 Capacidade de realizar unha exposición en público e debater con soltura sobre o tema para expor.
- CT4 Coñecemento das principais fontes cartográficas e de información territorial.
- CT5 Capacidade de traballo en equipo e liderado, en contornas cooperativas e pluridisciplinares.
- CT6 Capacidade de traballo e de resposta baixo condicións adversas (dificultade de comunicación entre membros dun equipo, prazos de entrega exigüos, falta de recursos etc.).
- CT7 Adquisición de responsabilidade ambiental e social na elaboración de políticas territoriais e na implantación de plans e proxectos con incidencia territorial, así como nas solucións técnicas adoptadas.

#### *Competencias específicas*

- CE1 Entender o marco legal e institucional da planificación e xestión territorial.
- CE2 Coñecer os principais instrumentos de ordenación e xestión territorial e as principais figuras de plan en ordenación do territorio e urbanismo.

- CE3 Capacidade para levar a cabo procesos de análise, avaliación e diagnóstico do territorio, do medio ambiente, do urbanismo, dos usos do chan e da propiedade da terra desde un punto de vista económico, social e ambiental.
- CE4 Formación para extraer, analizar e presentar a información necesaria para a toma de decisións na planificación e xestión territorial e ambiental.
- CE5 Coñecemento e uso crítico da terminoloxía especializada en planificación e xestión territorial e ambiental, e capacidade para a aplicación práctica dos coñecementos sobre planificación do territorio, en especial no ámbito galego.
- CE6 Preparación e redacción de informes de ordenación do territorio, plan urbanístico e de xestión ambiental a través da análise crítica, a avaliación e síntese de ideas novas e complexas.
- CE7 Coñecer as técnicas, ferramentas e tecnoloxías que permiten realizar unha planificación e xestión territorial eficiente e a diferentes escalas (rexional, urbano etc.).
- CE9 Capacidade para o deseño de políticas de planificación e xestión do uso do chan, así como de propiedade da terra.
- CE10 Capacidades críticas necesarias para a actividade investigadora nos ámbitos propios da planificación e xestión territorial.

Os obxectivos específicos desta unidade didáctica son os seguintes:

- Comprender as dinámicas extractivistas e xerarquizantes impresas na produción do coñecemento e aprender a desactivalas nos traballos propios.
- Desenvolver unha autonomía crítica na realización de análises diagnósticas multifactoriais e diacrónicas dos territorios.
- Producir e desenvolver metodoloxías de análise xeográfica e social que combinen métodos cuantitativos e as cualitativos e manexen técnicas transdisciplinares.
- Formular metodoloxías de investigación social transculturais e interseccionais.

## **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

No ensino desta materia combinaranse as clases expositivas coas interactivas. En total, o programa docente contempla 24 horas nas que a metade, 12 horas, serán interactivas, 9 horas de tipo expositivo e 3 horas previstas de tutoría para abordar cuestións concretas durante o curso.

As sesións expositivas constitúen o espazo para desenvolver todos os contados teóricos da materia, o que non quere dicir que non se fomenta a participación do alumnado. As explicacións teóricas irán sempre acompañadas de cuestións prácticas que clarifiquen a súa aplicación a diversas casuísticas. Nas sesións interactivas os contidos prácticos representan o eixo central da docencia. Estarán orientadas ao debate colectivo sobre as diversas temáticas abordadas e a realización das actividades propostas.

O campus virtual será un elemento complementario en toda a docencia. Os materiais teóricos e prácticos da materia, así como outras referencias ou recursos que sexan de utilidade para a aprendizaxe estarán dispoñibles nesta plataforma. Ademais, promoverase a utilización do foro para dar continuidade aos debates que xurdan na aula ou para compartir dúbidas e comentarios neste espazo común.

Un enfoque crítico para as metodoloxías de investigación é necesario porque nos permite cuestionar as estruturas, as suposicións e as prácticas existentes na investigación. As metodoloxías convencionais tenden a seguir unha abordaxe normativa e disciplinaria, perpetuando as formas tradicionais de coñecemento e mantendo o *statu quo*. No entanto, o enfoque crítico busca ir máis alá desas limitacións e explorar novas formas de coñecemento e investigación.

## CONTIDOS

---

### 1. Punto de partida. Desde onde nos aproximamos á investigación?

Toda investigación disciplinada comeza cun problema, precisamente porque é o problema o que promete que exista unha investigación, así como a pegada promete que haxa un rastrexo cara a un obxectivo previsible. Necesitamos a promesa da investigación para ser investigadores/as. Necesitamos, en consecuencia, o síntoma, o problema, para ser o que queremos ser: investigadores/as (Haber, 2011: 12, tradución propia).

Investigar un territorio e as vidas, humanas e non humanas, que o habitan implica reflexionar sobre a maneira en que nos aproximamos a estes territorios desde a academia, as institucións ou desde nosa propia individualidade. Identificar a posición desde a que se analiza é o primeiro paso, é dicir, recoñecerse como un axente externo, non neutral, que se aproxima a unha realidade que lle é allea, da cal descoñece os seus vínculos cotiáns e co territorio onde se atopa. A figura da investigadora pretende ser un elemento neutro que observa, escoita e propón conclusións, pero tamén é alguén cargado da súa propia experiencia e visión do mundo que ao termo do seu traballo volve á súa realidade propia. Entendendo isto, calquera investigación debe contar cun certo grao de compromiso fronte ao escenario ao que se presenta e evitar lóxicas extractivistas.

Descubrir e describir a mirada situada como autoras e autores dun traballo de investigación supón un exercicio previo de autopercepción e de reflexión que necesariamente pasan por constituír unha fase cero na metodoloxía. Así como identificar o problema é o paso inicial para comezar todo proceso de investigación, recoñecer o posicionamento de partida resulta fundamental antes de abordar o traballo. Achegar unha información e unha análise obxectiva a un ámbito de estudo non debe confundirse con neutralidade, polo que, coa identificación do problema defínese tamén a posición relativa do relato para construír.

A pregunta lóxica que xorde desde aquí é: que elementos e factores compoñen ese posicionamento de partida propio? Como determinar a nosa posicionalidade?



En calquera investigación e, concretamente nunha investigación territorial, reflexionar sobre nosa mirada situada implica recoñecer como a propia identidade, formación, experiencias, motivacións e expectativas poden influír no enfoque e nos resultados. A reflexión sobre estes aspectos e a adopción de estratexias para abordar posibles rumbos son esenciais para lograr unha aproximación o máis honesta ou ecuánime posible. Agora ben, ao igual que camiñamos cos corpos que habitamos, tamén a nosa mirada situada e posicionamentos previos forman parte indisoluble de nós, non é algo que poidamos desactivar. Aquí reside o engano de pretender ser axentes puramente obxectivos e neutrais fronte ás realidade que estudamos. Pensarnos así é como tratar de habitar sen corpo, resulta imposible. O exercicio que se propón é identificar esta posicionalidade para incorporala á investigación, xa que negar a súa existencia é un exercicio de abstracción engaiolante sobre o noso traballo.

Do mesmo xeito, tamén temos que comprender que a nosa mirada evoluciona, ao igual que os nosos corpos cambian, as nosas posicionalidades relativas ao mundo que observamos tamén mudan co tempo, as experiencias, as lecturas, as escoitas, etcétera. A proposta que deixo neste punto é incorporar este exercicio previo, en forma de fase cero, a calquera investigación que emprendamos. Mesmo aínda que se desenvolvan de forma paralela e contemporánea resulta axeitado incluír dita fase cero, xa que as temáticas que abordemos serán distintas e tamén o será a nosa relación con elas.

Seguindo co exemplo territorial, imaxinemos que temos que desenvolver unha investigación sobre os impactos sobre o dereito ao territorio das comunidades locais nunha paisaxe agraria que se torna de interese turístico. Para trazar a nosa posicionalidade de partida podemos ir reflexionando en diferentes capas:

Comezariamos por preguntarnos por que decidimos levar a cabo esta investigación, parece unha pregunta sinxela, pero non é así. Implica indagar sobre o noso interese persoal, a nosa axenda neste traballo e as interseccións ou consecuencias imprevistas para o lugar e as persoas coas que traballaremos. Ademais, as motivacións persoais influirán na forma en que presentemos os resultados.

Podemos continuar por reflexionar sobre a propia disciplina da que partimos e que influirá no enfoque do estudo. Temos un perfil urbanista, ecoloxista, xeógrafo ou a nosa aproximación chega desde áreas como a arquitectura, a socioloxía ou a antropoloxía? Cal é a nosa experiencia persoal, profesional ou académica neste territorio ou noutros contextos comparables? Pensemos no contexto cultural e social da zona onde levamos a cabo a investigación: Temos conexións persoais coa comunidade local? Comprendemos as dinámicas culturais e sociais que poden influír na percepción das residentes sobre as necesidades do territorio?

Hai unha tendencia preocupante entre as persoas investigadoras a atraparse no síndrome do descubridor, é dicir, observar os territorios e comunidades como se non existisen até que a súa mirada se pousa sobre elas. En boa medida esta síndrome nace das propias lóxicas habituais da academia, nas que facilmente podemos sentir que temos o poder de nomear, describir e colocar o foco sobre calquera cuestión só con decidilo así e incluílo no noso plan de investigación. Este exercicio previo contribúe a mitigar os efectos desta dinámica e axúdanos a situarnos no territorio como alguén que chega, non como alguén que cre descubrir.

A continuación enuméranse algunhas estratexias para minimizar os nesgos que tenden a aparecer cando nos negamos a recoñecer esta posicionalidade e nos asumimos suxeitos investigadores universais e obxectivos:

- Diversificar as fontes de referencia, tanto bibliográficas como fontes primarias e secundarias.
- Consultar con persoas expertas de diversas disciplinas que aporten perspectivas complementarias sobre a cuestión á estudar.
- Organizar unha revisión da literatura relacionada tendo en conta variables de xénero, etnorraciais, xeopolíticas, etarias, etcétera. As bibliografías expertas tenden a estar protagonizadas por autorías masculinas e de posicións epistémicas occidentais, isto representa un dos nesgos máis habituais nos traballos científicos e de investigación.
- Consultar con fontes fóra dos circuitos académicos formais como os movementos sociais, veciñanzas ou entidades que estean vencelladas á temática ou ao seu contexto.
- Entrevistar a residentes locais, representantes gobernamentais, axentes de intervención e outras interesadas, asegúrate de preguntar sobre os seus puntos de vista e percepcións, evita facer suposicións baseadas na túa propia perspectiva.
- Durante a recompilación de datos reflexiva e autocrítica, observa as posibles ausencias ou presenzas aumentadas.
- Sé transparente na presentación dos resultados e na avaliación da investigación. Reflexiona sobre as condicionantes, limitacións ou fortalezas que atopaches no camiño así como sobre os rumbos potenciais que poden influír na investigación ou darlle continuidade.

## 2. Obxectividade ou neutralidade? Autorreflexividade e reflexividade

Se non problematizamos a nosa relación co problema, se simplemente omitimos pensarnos en relación co problema e quitar o veo á invitación que nos ofrece a constituírse na nosa coartada, concederíamos deixarnos levar polo lugar que nos ten reservado a institucionalidade da ciencia, os roles, obxectivos, misións, e linguaxes; renunciaríamos a facer outra cousa que reproducir esa institucionalidade, é dicir, gozar do noso lugar nela. (Haber, 2011: 12, tradución propia)

Os mecanismos polos que filtramos e delimitamos os contidos das nosas investigacións buscan reproducir os mandatos de obxectividade, neutralidade e universalidade propios dunha racionalidade epistémica moderna. Os estudos críticos, especialmente desde perspectivas decoloniais, levan décadas propiciando o debate sobre unha produción de coñecemento situada, tratando de desmantelar a universalización do conxunto de experiencias e saberes occidentais e as súas consecuencias epistemolóxicas. A pretensión de obxectividade e neutralidade basease nun conxunto de supostos e valores propios da perspectiva hexemónica dominante. As ciencias modernas e os métodos científicos tradicionais tenden a privilexiar e universalizar

certas formas de coñecemento particulares, xeralmente occidentais e vencelladas ás elites académicas, sociais e económicas.

Non existe unha única forma de producir coñecemento, debemos comezar a entender a obxectividade e a neutralidade como construcións sociais e políticas suxeitas a debate e a crítica. A través deste marco, reproducécese un tipo de racionalidade particular da que todo un conxunto de diversidades existenciais resulta excluída, invisibilizada ou exporpiada.

Antes de continuar, é preciso diferenciar entre obxectividade e neutralidade, xa que non son conceptos equivalentes. A obxectividade refire unha busca de imparcialidade e de rigor na investigación onde se supón que os resultados e saberes producidos baséanse en evidencias sólidas e metodoloxías fiables. Esta imparcialidade presupón a nosa capacidade para desvestirnos dos nosos posicionamentos, experiencias e condicionantes xeopolíticos para acadar conclusións o máis próximas á realidade.

Na investigación, o concepto de distancia é moi importante, xa que implica neutralidade e obxectividade en nome do investigador. A distancia é medible e polo tanto chegou a representar obxectividade; porén, a obxectividade non é medible da mesma maneira. (Tuhiwai-Smith, 2017:117, tradución propia).

Por outra banda, a neutralidade implica manter posturas imparciais ou equidistantes en relación ós temas ós que nos aproximamos. Calquera cuestión que analicemos ou estudemos está suxeita a unha fenomenoloxía concreta e variable, a conflitos ou condicionantes que loxicamente nos interpelan, conmoven ou afectan en maior ou menor medida. De novo, as nosas experiencias e valores marcan esta permeabilidade e non podemos asumirnos neutrais de forma completa. Tratar de non posicionarse e implicarse nos contextos e temáticas que analizamos implica manter certa distancia que nos permita desenvolver as nosas análises, consultar marcos epistemolóxicos alternativos e acadar conclusións o menos nesgadas posible. Pero non podemos aspirar a unha neutralidade absoluta sen negarnos como suxeitos pensantes, viventes e particulares.

Entón: como manexamos a obxectividade nunha investigación co recoñecemento deses nesgos propios e consubstanciais? Indagar sobre os antagonismos, tal e como nos propón Alejandro Haber (2011) non supón facer explícito de que lado da discusión queremos posicionarnos, senón de reflexionar sobre as formas nas que ditos antagonismos nos constitúen e nos atravesan, como nos relacionamos con eles e os habitamos (Colectivo Situaciones, 2002). Seguindo coa análise de Haber, as persoas investigadoras desde as ciencias sociais parecen mellor dispostas e preparadas para identificar antagonismos no mundo obxectivo que para identificarse a si mesmas en relacións antagónicas no seu lugar investigador. De que maneiras somos instrumentalizados polos nosos instrumentos? (Haber, 2014).

É importante insistir e entender que a nosa mirada contén elementos preconceptuais inevitables. A cuestión clave aquí é identificar a nosa mirada situada nun exercicio de transparencia. Recoñecemos na nosa mirada non implica renunciar ao rigor nos nosos traballos. Existen diversas estratexias útiles para manexar esta complexa cuestión:

- Reflexividade e autoreflexividade.

- Transparencia metodolóxica.
- Diversidade de voces, perspectivas e experiencias.
- Recoñecemento das xenealoxías epistémicas e conceptuais.
- Análises críticas e busca de revisión a través doutras miradas.

No seu texto «Methodology of the Oppressed» (2000) Chela Sandoval ofrécenos diversas ideas e enfoques para pensar metodoloxías de investigación alternativas. Sandoval examina as formas en que as perspectivas e os coñecementos dos grupos oprimidos teñen sido marxinaados nas metodoloxías tradicionais. Isto implica considerar como as relacións de poder e as nosas propias identidades interseccionadas inflúen na produción de coñecemento e na investigación. Convidanos a abordar estes nesgos antes de emprender unha investigación; tamén a aprender a recoñecer e valorizar «epistemoloxías oprimidas», formas de coñecemento xeradas desde as experiencias e as loitas colectivas das comunidades.

Para avanzar nesta idea podemos observar os conceptos de reflexividade e a autorreflexividade comentados nesta obra, é dicir, dirixir unha mirada crítica cara ao investigador/a e ó seu papel en todo o proceso de investigación. A idea é reducir os nesgos para abrir as nosas perspectivas, buscar fontes máis diversas que non só reproduzan aquilo que esperamos ler ou que concorde coa nosa visión do mundo.

A reflexividade implica recapacitar conscientemente sobre as nosas posicións de poder, privilexios e prexuízos, e como poden afectar estes ó proceso de investigación e á interpretación dos datos e os resultados. En lugar de asumir unha postura falsamente obxectiva e neutra, a reflexividade anima a recoñecer que a nosa perspectiva está moldeada polas nosas experiencias e contextos sociais, e a ser conscientes das posibles influencias nas nosas decisións metodolóxicas.

Por outra banda, a autorreflexividade leva a reflexión un paso máis alá e convida a examinar criticamente a nosa propia implicación nas dinámicas de poder e opresión que poden existir no contexto da investigación. Isto implica cuestionar as actitudes que mostramos, suposicións e posibles prexuízos en relación cos suxeitos de estudo, e como o rol de investigadores/as pode afectar ás relacións de poder dentro do proceso de investigación. A axenda das investigacións que realizamos nunca pode priorizarse sobre as consecuencias previstas ou imprevistas da nosa aparición no ámbito de estudo.

A reflexividade e a autorreflexividade poden ser implementadas a través de diferentes prácticas na investigación. Por exemplo, pódese manter un diario reflexivo no que os investigadores/as rexistren os seus pensamentos, emocións e procesos de toma de decisións ao longo do proxecto. Tamén se poden levar a cabo entrevistas reflexivas, nas que os investigadores/as se cuestionen a eles mesmos/as e a súa influencia na interacción cos participantes.

Os escenarios investigativos desde estas perspectivas implican tamén a posibilidade para os investigadores (as) de xerar un proceso reflexivo sobre si mesmos, de escoitarse e observar as transformacións subxectivas que se xeran nela ou el e nos outros cos que comparte esa aventura, permitíndose o asombro e o deixarse levar da man dos nenos, nenas e novas, polas súas historias, comprensións sociais e as accións que decote realizan, en aras de —con eles e elas— realizar fisuras no

establecido e avanzar no empoderamento de todos os participantes da investigación, en novos roteiros de resistencia e insurxencia, de camiños alternativos cara ás paces cotiás que se xeran desde o compromiso ético e apaixonado polos outros, polo mundo. (Arroio e Alvarado, 2016:145, tradución propia).

Estes enfoques buscan fomentar a transparencia e a responsabilidade na investigación, recoñecendo que somos seres sociais situados en contextos históricos e culturais específicos, isto é, particulares, non universais. Ao ser reflexivos e autorreflexivos, podemos ser máis conscientes dos nosos marcos epistémicos e cosmolóxicos, e traballar de forma máis colaborativa e ética cos suxeitos de estudo.

### 3. Os problemas de falar por outros

Hai un recoñecerse corporalmente coas ideas. Hai unha responsabilidade co que se di. (Cusicanqui, s/f, tradución propia).

O título deste apartado fai referencia ao texto escrito por Linda Alcoff en 1991 titulado «The problem of speaking for others». Neste artigo a autora sinala un dos dilemas e discusións clásicos na investigación das ciencias sociais, moi especialmente nas áreas de antropoloxía e socioloxía, aínda que podemos estender a reflexión a todos os ámbitos da investigación xa que nos interpela a recoñecer que a nosa localización existencial-cognitiva é epistemicamente relevante nos nosos traballos. Non só iso, senón que certos *locus* privilexiados son discursivamente perigosos. En concreto, a práctica por parte de persoas privilexiadas de falar por, ou en nome de, persoas con menos privilexios, resultou (en moitos casos) en aumentar ou reforzar a opresión do grupo polo que se fala (Alcoff, 1991).

Entendendo que esta cuestión tende a proer entre as persoas investigadoras e académicas, cabe resaltar que non se cuestionan aquí as intencións das investigacións, senón que trata de alertarnos dos efectos imprevistos dos nosos escritos. O noso *locus* como profesionais ou membros da academia autorízanos a desenvolver teorías e extraer conclusións do mundo que observamos. Tamén das existencias, ideas ou necesidades doutras persoas ou colectivos ós que nos aproximamos ou ós que colocamos como suxeito —ou obxecto, cuestión que se tratará aquí— das investigacións que realizamos. A crítica a este sistema convidanos a preguntarnos polas orixes desta autorización que nos da suposta lexitimade e a discutir sobre se existen situacións nas que podería ser válido ou non este «falar por outros».

Como teóricos sociais, estamos autorizados en virtude das nosas posicións académicas a desenvolver teorías que expresen e abarquen as ideas, necesidades e obxectivos dos demais. Con todo, debemos empezar a preguntarnos se algunha vez trátase dunha autoridade lexitima e, de ser así, cales son os criterios de lexitimidade? En particular, é válido algunha vez falar en nome doutros que non son como eu ou que son menos privilexiados que eu? (Alcoff, 1991:7, tradución propia).

Alcoff obvia posicionamentos acrícticos ou simplistas e convida a pensar sobre as posibles respostas segundo as diversas casuísticas. Parece sinxelo comprender as diferenzas lóxicas entre o falar por outros, o falar sobre outros e o falar con outros.

Todas implican responsabilidades e consideracións diferentes. A partir desta cuestión xorden moitas incertezas: Só podemos falar por grupos sociais aos que pertencemos? Cales son as categorías e quen as define? Como delimitamos tales identidades?

Todas estas preguntas teñen difícil resposta e aínda hoxe, máis de trinta anos despois do texto de Alcoff, continuamos sen ter clara unha solución. O que sabemos é que non é un problema que se resolva colocándonos a nós mesmas no marco dunha identidade concreta inmutable e producindo coñecemento desde aí. Que tipo de coñecementos podemos producir desde o solipsismo? Recoñecer a nosa localización epistémica e identificar a nosa mirada situada é un exercicio de localización, non de restrición. Chámanos a investigar e aprender desde un sentido de respecto, responsabilidade e reciprocidade cos contextos ou comunidades nos que traballamos. A clave será, entón, como nos aproximamos ás realidades que nos interpelan ou que desexamos estudar e mediante que mecanismos dialécticos e metodolóxicos obtemos os resultados das nosas investigacións. En palabras do antropólogo Alejandro Haber: «pois toda obxectivación do mundo é ao mesmo tempo unha subxectivación do investigador/a» (2011:17).

Subliñaría que a práctica de falar en nome dos demais nace a miúdo dun desexo de dominio, de privilexiarse como quen comprende mellor a verdade sobre a situación do outro ou como quen pode defender unha causa xusta e así alcanzar gloria e encomio. E o efecto da práctica de falar en nome dos demais é a miúdo, aínda que non sempre, a eliminación e reinscripción de xerarquías sexuais, nacionais e doutro tipo. (Alcoff, 1991:27, tradución propia).

Desde un punto de vista interseccional: que sentido ten encapsularnos nunha identidade única e totalizadora desde a que representarnos? Tal e como nos explica a teoría interseccional, todas as persoas estamos atravesadas por multitude de diversidades e opresións que se entrelazan conformando a nosa existencia en relación cos demais. Pode ser que sintamos que unha característica en concreto nos define máis que outras e as motivacións son multifactoriais. Pero utilizar o criterio da identidade para delimitar o noso marco discursivo xera máis problemas que solucións. Ao mesmo tempo, optar polo silencio ante determinadas cuestións pode aumentar a situación de violencia e supón unha forma de evadir as responsabilidades. O mesmo feito de retirarse só pode acontecer como unha extensión do privilexio non coma unha renuncia a este (Alcoff, 1991). Cando falamos sobre outros, asumimos esa tarefa en solidariedade e en conversa con, non a distancia de, eses outros (Haber, 2011). O feito mesmo de incorporar a conversa á metodoloxía da investigación transforma as relacións a través das que producimos certo coñecemento. Alejandro Haber refírese á conversación non como un simple intercambio estruturado entre falantes senón no sentido de ser nesa conversa, asumindo todas as mudanzas necesarias que leva consigo toda conversa auténtica. Para Haber, a metodoloxía disciplinada obríganos a deixar de lado todo aquilo que non pode ser anticipado e previsto no deseño da investigación, impídenos «conversar e deixarnos transformar pola conversa».

A historia oral neste contexto é por iso moito máis que unha metodoloxía «participativa» ou de «acción» (onde o investigador é quen decide a orientación da

acción e as modalidades da participación): é un exercicio colectivo de desalienación, tanto para o investigador como para o seu interlocutor. Se neste proceso conxúganse esforzos de interacción consciente entre distintos sectores: e se a base do exercicio é o mutuo recoñecemento e a honestidade en canto ao lugar que se ocupa na «cadea colonial», os resultados serán tanto máis ricos neste sentido. (Cusicanqui, 1987).

O verdadeiro desafío que xorde desta cuestión está en escoitar aos outros como verdade, non como relato (Haber, 2011), isto é, tomarse en serio a verdade dos demais, daquelas que participan na conversa e comparten as súas descrições do mundo ou das súas experiencias. É habitual e perigosa a tendencia investigadora a localizar un bo informante, un suxeito que consideremos capacitado para ser suxeito de coñecemento.

Como filósofos e teóricos sociais, estamos autorizados en virtude das nosas posicións académicas para desenvolver teorías que expresen e abarquen as ideas, necesidades e obxectivos dos demais. Con todo, hai que empezar a preguntarnos se se trata dunha autoridade lexítima. (Alcoff, 1991:7, tradución propia).

Linda Alcoff (1991) percibe un recoñecemento crecente dos impactos relevantes do *locus* ou identidade social no significado e nas interpretacións dos suxeitos de coñecemento. É dicir, que non podemos transcender a nosa localización, a nosa posicionalidade previa da que se falaba no primeiro apartado.

#### 4. Xerarquías na produción do coñecemento

A ciencia social, protagonizada por persoas coas mellores intencións e provista das máis poderosas ferramentas de análises da realidade social, de todas as maneiras achega, moitas máis veces das que combate, á reprodución da orde de desigualdade, inxustiza e morte —e é por iso que a «razón descolonial» (Castro Gómez e Grosfoguel, 2007) é unha actitude que debe traducirse nunha aptitude, un oco que debe querer facerse mundo. (Haber, 2011: 15, tradución propia).

Para comprendermos os mecanismos que operan na produción de coñecementos nas diversas disciplinas analizamos as xerarquías de coñecemento existentes e como estas se entrelazan e interseccionan a través da proposta elaborada por Ramón Grosfoguel (2009, 2022) como parte esencial da súa análise sobre a colonialidade do saber (Lander, 2000) que ten que ver «co rol da epistemoloxía e as tarefas xerais da produción do coñecemento na reprodución de réximes de pensamento coloniais» (Maldonado Torres, 2007:130). María Lugones, filósofa feminista crítica, ten explorado como as estruturas coloniais afectan á produción e control sobre o coñecemento no sentido da construción dicotómica do xénero como elemento central para comprender a profundidade do sistema de xénero colonial/moderno.

No seu traballo, Grosfoguel identificou ata 16 xerarquías sistémicas de dominación que, tal e como el mesmo advirte, non se trata dunha categorización pechada, senón que poderán identificarse outras máis a incorporar. No esquema seguinte sintetízanse 17 xerarquías do coñecemento identificadas até o momento:

### Xerarquías globais de dominación

<b>CLASISTA</b>	Organización global de clase segundo a división da forza de traballo. Acumulación por desposesión
<b>CAPITALISTA</b>	División internacional da forza de traballo segundo lóxicas centro/periferia
<b>POLÍTICA</b>	Sistemas políticos neo/coloniais controlados por homes de orixe europea
<b>ETNORRACIAL</b>	Xerarquía etnorracial global con supremacía occidental vs non occidental
<b>PATRIARCAL</b>	Dominación do home sobre a muller segundo a primacía do patriarcado da cristiandade
<b>SEXUAL</b>	Xerarquía sexual das relacións heterosexuais sobre outras formas de sexo-afectividade
<b>ESPIRITUAL</b>	Supremacía espiritual da cristiandade globalizada na igrexa católica e protestante
<b>EPISTÉMICA</b>	Xerarquía epistémica institucionalizada que privilexia o coñecemento e a cosmoxía occidentais
<b>LINGÜÍSTICA</b>	Linguas imperiais europeas como linguas de produción teórico-científica e cultural
<b>ESTÉTICA</b>	Privilexio das formas estéticas, artísticas e os canons de beleza occidentais
<b>PEDAGÓXICA</b>	Hexemonía das pedagogías occidentais de matriz cartesiana dualista
<b>MEDIÁTICA</b>	Control da información e comunicación globais por parte dos medios occidentais
<b>ECOLÓXICA</b>	Concepto occidental dualista da natureza como obxecto, non como suxeito e separada da humanidade
<b>ETARIA</b>	Priorización da idade adulta- «produtiva» relegando á infancia e á vellez
<b>MÉDICA</b>	Hexemonía da medicina occidental e desprestixio doutras medicinas milenarias
<b>ESPACIAL</b>	Privilexio do urbano sobre o rural, visto só como provedor e desprezando as fórmulas comunitarias
<b>XURÍDICA</b>	Privilexio dos sistemas legais e xudiciais baseados no dereito romano, desvalorización doutras culturas de resolución de conflitos

Xerarquías do coñecemento. A xerarquía xurídica é unha aportación elaborada pola autora como contribución á análise de Ramón Grosfoguel. Fonte: elaboración propia



A partir dos traballos de investigación realizados pola autora desta unidade didáctica sobre os sistemas de segregación socio-territorial cara ao Pobo Xitano, recentemente suxeriuse a xerarquía adicional da xustiza. Esta xerarquía baséase na supremacía do sistema xurídico europeo/occidental que desvaloriza os mecanismos de regulación social e administrativa doutras civilizacións e pobos.

Resulta inmediato supor que estas xerarquías de coñecemento teñen implicacións profundas tamén na investigación e no sistema académico. Poden influír significativamente na selección de temas considerados dignos de estudo, sobre quen ten acceso á produción de coñecemento e cales son as perspectivas dominantes nun campo determinado.

Cando nos propoñemos indagar sobre calquera temática ou cando nos aproximamos a contextos socioculturais que nos son alleos, tendemos a buscar fontes de referencia que nos resultan fiables, cuxa aparencia nos ofrece certas garantías aparentes de rigor ou fontes que son empregadas sistematicamente en relación a certas cuestións. Pero debemos preguntarnos, quen ten o papel predominante na produción de coñecemento e ferramentas de análise sobre os territorios e as súas dinámicas? Noutras palabras, quen ostenta o lugar de enunciación na análise territorial, xeográfica ou urbanística? Para pensar nestas cuestións non nos limitamos a imaxinar unha entidade ou grupo de persoas concretas senón que indagamos sobre un sistema complexo, histórico e sistémico de xerarquías epistémicas con múltiples expresións e derivadas, que favorecen as perspectivas e cosmovisións occidentais en detrimento das non occidentais. Para afondar máis nesta cuestión tan ampla e relevante recoméndase a lectura de autorías referentes como Ramón Grosfoguel, Silvia Rivera Cusicanqui, Chandra Talpade Mohanty, Walter Dignolo, Aníbal Quijano, Gloria Andalzúa, Gayatri Chakravorty Spivak, Audre Lorde, bell hooks ou Ngũgĩ wa Thiong'o, entre moitas outras persoas referentes nos pensamentos críticos.

As xerarquías do coñecemento e os saberes considerados universais foron institucionalizadas no sistema universitario global. A investigación está, como parte deste entramado, altamente institucionalizada nese sistema. Ademais, forma parte das estruturas políticas, xa que en moitos casos é financiada polos estados, empresas ou organizacións científicas. Tal e como nos recorda Linda Tuhiwai Smith:

Os modos en que a investigación científica estivo implicada nos peores excesos cometidos polo colonialismo son lembrados constantemente por moitas comunidades colonizadas en todo o mundo» (2017: 19).

É un pensamento común e automático que as persoas investigadoras que emprenden un traballo pensemos que toda investigación científica está destinada a beneficiar a humanidade, xa que a ciencia se supón neutral e o pensamento científico e académico aspira a revelar as verdades do mundo. Isto forma parte constituínte do adestramento académico (Tuhiwai Smith, 2017) e ten servido como coartada para soste todas as xerarquías sociais e de coñecemento que se explicaban arriba. Por esta e outras razóns é tan importante ser conscientes das nosas posicións en relación á investigación, facernos as preguntas adecuadas e contribuír a facer da investigación un ámbito para a loita, como nos propón Tuhiwai Smith.

O filósofo Enrique Dussel (2010) proponnos identificar a xerarquía epistémica do suxeito de enunciación nos discursos globais para iniciar o xiro descolonizador e trata de construír metodoloxías alternativas de investigación e coñecemento. Como podemos pór os nosos traballos de investigación na condición de posibilidade para responder ás necesidades e ás axendas dos pobos e territorios historicamente subalternizados?

A razón decolonial non é aquela que nos leva a loitar por un mundo mellor para os que sofren, senón a loitar contra as condicións do sufrimento, incluíndo todas aquelas condicións das cales formamos parte. (Haber, 2011:25, tradución propia).

## 5. Que significa descolonizar as metodoloxías?

A descolonizar as metodoloxías ocúpase xa non da técnica real de selección dun método, senón en maior medida do contexto no cal se conceptualiza e proxectan os problemas de investigación, e das implicancias da investigación para os seus participantes e as comunidades destes (2017:11, tradución propia).

Linda Tuhiwai Smith é unha académica maorí de Nova Zelandia que contribuíu significativamente ao campo da investigación indíxena e a descolonización do coñecemento. A súa obra máis influente, publicada en 1999: *Decolonizing Methodologies: Research and Indigenous Peoples* (Metodoloxías da Descolonización: Investigación e Pobos Indíxenas), ofrece unha guía fundamental para repensar a investigación e as metodoloxías desde unha perspectiva indíxena e descolonizada. Aínda que este traballo se focaliza na necesidade de descolonizar as metodoloxías de investigación sobre pobos indíxenas, moitos dos conceptos da súa análise poden estenderse a outros ámbitos da investigación. Baixo o enfoque de que as metodoloxías de investigación, calquera que sexa a disciplina, foron historicamente desenvolvidas por suxeitos colonizadores occidentais, a autora desenvolve conceptos como a colonización do coñecemento, tamén traballado por outras autorías do pensamento crítico decolonial, o lugar de enunciación e a participación activa das comunidades que colaboran cos nosos traballos. En palabras da autora:

Parécenos un descaro que os investigadores e intelectuais poidan presumir saber todo o que é posible saber sobre nós baseando os seus coñecementos nos seus breves encontros con algúns individuos das nosas comunidades. Indígnanos que o Occidente poida desexar, extraer e reclamar propiedade sobre os nosos modos de saber, sobre o noso imaxinario e sobre as cousas que creamos e producimos e ao mesmo rexeiten á xente que os creou, que desenvolveu esas ideas (Tuhiwai Smith, 2017:12, tradución propia).

Descolonizar as metodoloxías significa, ademais, desfacernos de metodoloxías baseadas nas lóxicas de «vir, ver, nomear». Para isto cómpre superar as derivadas da mencionada síndrome do descubridor (vir, ver, nomear, reclamar), aproximarnos ás comunidades, pobos e territorios como entramados complexos de relacións, memo-

ria, historia e instrumentos culturais propios que existían e intersecaban con outras antes, durante e despois das nosas aparicións. O arquivo cultural, sistemas de representación, categorías, códigos e significantes que nos axudan a interpretar o mundo permitiunos, e permítenos, traducir traducir o que vemos, escoitamos, sentimos. A colonialidade non aparece tanto nesa pulsión tradutora, se esta é realizada desde o respecto ás fontes orixinais e os contextos, senón precisamente na representación da autoría xenuína na persoa que investiga e interpreta, en lugar de nas súas produtoras (Tuhiwai Smith, 2017).

Algunhas das propostas (non se inclúen todas senón unha interpretación metodolóxica dos proxectos enumerados no libro) que nos deixa a autora para incorporar a novas metodoloxías transformadas son:

- **Recoller as demandas:** Aínda que historicamente as comunidades inferiorizadas teñen sido reducidas ás demandas e loitas por dereitos, a autora defende que transformaron as demandas en procesos dinámicos de construción de axendas colectivas e comunitarias.
- **Recoller testemuños, contar historias:** a través dos cales se fai evidencia oral tanto das demandas como da memoria e o autodiagnose. Tamén pode ser unha técnica que permita conceder espazo e protección ás voces daquelas que colaboran co noso traballo. Os riscos sempre estarán na intervención da investigadora sobre o relato, os cortes interesados e as elipses feitas ás veces por cuestión de adaptación formal pero que facilmente poden desactivar o poder político das narrativas testemuñais. «Cada historia individual é poderosa» (Tuhiwai Smith, 2017: 260), o seu potencial reside en que contribúen á historia colectiva onde quen narra, atopa un lugar. Russel Bishop (1996) propón este contar historias como técnica de investigación apropiada para «representar a diversidade da verdade» onde é a persoa que narra e non a investigadora quen retén o control sobre o relato.
- **Celebrar a resistencia e a supervivencia:** Tal e como sinala a autora, a investigación «disciplinada» (Haber, 2011), hexemónica ou lexitimada, focalízase en documentar a desaparición e crise dos pobos ou comunidades indíxenas. Fronte a isto, propón que nos centremos nos eventos e relatos de supervivencia e resistencia que poden aparecer nesas memorias orais, na música, as linguas, artes, festas e costumes populares. Esta práctica, se se une ás preocupacións locais, contribúe ademais a rexenerar todos estes elementos ou desactivar posibles estados de crise ou desvalorización nos que podan atoparse.
- **Intervir, implicarse, conectarse:** implica literalmente involucrarnos e comprometer nos coas cuestións investigadas. Estando sempre alerta de intervencións mal direccionadas, coloniais, utilizadas frecuentemente en contra das comunidades e territorios. A capacidade de intervenir debe estar vencellada a unha invitación por parte da comunidade segundo os seus propios parámetros. Resulta fundamental e tremendamente enriquecedor establecer conexións cos ambientes nos que nos involucramos. Para isto:

os investigadores/as, as responsables de formular políticas, as educadoras e os provedores de servizos sociais que traballan coas comunidades indíxenas, ou cuxo traballo ten impacto nelas, necesitan ter unha conciencia crítica para asegurarse de que as súas actividades se conecten de maneiras humanizantes coas comunidades» (Tuhiwai Smith, 2017:268, tradución propia).

- **Representar, prever, nomear:** Unha das máis poderosas reivindicacións de moitos pobos e comunidades é o dereito á representación de si mesmos. Contrarrestar as visións coloniais e deshumanizadoras, paternalistas e obxectivantes. Os proxectos de representación teñen que ver co feito de prever un futuro común, imaxinar un futuro implica sentirse capaces de transformar aquilo que nos afecta, preocupa ou ameaza. Por iso, mover os marcos desde os que presentan as problemáticas significa tomar decisións alternativas sobre os parámetros de análise, sobre a definición do problema e as hipóteses da súa resolución. O poder de nomear nace do poder do lugar de enunciación onde nos situamos. As prácticas de afirmación do feito de nomear permite ás persoas nomear as súas realidades. Respetar os nomes e descrições así como as súas xenealoxías é unha parte esencial dunha metodoloxía transformada.
- **Reler, reenmarcar, recoñecer:** Facer unha relectura crítica das fontes e referentes que contribúa a mudar os horizontes académicos que sosteñen as relacións coloniais. Incorporar fontes sistematicamente invisibilizadas é unha forma de investigación militante que, ademais, xera unha demanda de autorías e novas narrativas. Que as nosas investigacións contribúan ao recoñecemento dos saberes inferiorizados forma parte dese posicionamento militante na academia en contextos onde esta institución tense mostrado abertamente hostil cara ás formas de coñecemento non occidentais. Comeza a haber un relativo e crecente recoñecemento dos saberes ambientais de diversas comunidades rurais ou indíxenas, como formas relevantes de coñecemento ecolóxico. Pero os saberes dos territorios e pobos van moito máis alá do medio ambiente, conteñen sabedorías sobre ética, política, medicina, estética, relacións sociais e, en xeral, sobre todos aqueles ámbitos que se enumeraron nas xerarquías de coñecemento.
- **Devolver, compartir, construír rede:** Unha das cuestións claves na investigación é ter en conta fórmulas de devolución aos territorios, pobos ou comunidades onde investigamos. Compartir e difundir os saberes e produtos dos nosos traballos non só é unha das responsabilidades propias da investigación, tamén facilita compensar as exclusións dos circuitos académicos-educativos, compartindo información á poboación sobre os temas que lles afectan: «compartir inclúe a visión do coñecemento como un beneficio colectivo e, por outro lado, o coñecemento como forma de resistencia» (Tuhiwai Smith, 2017: 289, tradución propia). Temos que ter claro que a forma en que transmitimos esa información recadaba durante os traballos ten que adoptar formatos intelixibles e flexibles, adecuados aos diferentes espazos onde se presenten de forma que sexan facilmente apropiables e utilizables nos seus propios termos.

Na conferencia impartida en 1987 en Bolivia pola socióloga e pensadora militante Silvia Rivera Cusicanqui e titulada: *O potencial epistemolóxico da historia oral*, a autora elabora unha crítica radical ás xustificacións científicas nas metodoloxías das ciencias sociais e a confianza cega no método e os principios disciplinarios. Subliña que os métodos canónicos na investigación non garanten un coñecemento ou comprensión fiables e que, ademais, teñen operado como criterio para descualificar outras formas de coñecemento baixo o privilexio auto-outorgado das ciencias sociais occidentalizadas. Na súa obra defende o potencial da memoria oral como produtora de coñecemento crítico e non menos veraz que outras fontes homologables na academia. Para esta autora, os principais déficits nas metodoloxías denominadas de investigación-fundamentación fundaméntanse por un lado, nas asimetrías epistemolóxicas suxeito-objeto a través das que se instrumentalizan as demandas dos grupos estudados cara metas formuladas desde fóra e, por outra banda, na presunción de intercambiabilidade das experiencias, na idea de que todo o vivido resulta traducible e sintetizable nunha teoría homoxénea.

o contacto intensificado dos investigadores/as con suxeitos sociais activos e mobilizados comezou a xerar novos estilos de traballo, pouco ortodoxos pero máis adecuados ás esixencias prácticas do momento. A énfase comezou a desprazarse dunha esixencia interna á lóxica do investigador (procura de coherencia, verificabilidade, operacionalización), a unha esixencia externa e politicamente comprometida: Producir coñecementos e resultados de investigación significativos non só para o investigador e a comunidade académica, senón tamén para os intereses do grupo estudado. (Cusicanqui, 1987).

## 6. Metodoloxías non extractivistas

O acto da extracción suprime todas as relacións que dan sentido ao que sexa que se extraia. Extraer é tomar. En realidade, extraer é roubar: é tomar sen consentimento, sen pensar, sen coidar e mesmo sen coñecer os impactos que ten a extracción noutros seres vivos nese ambiente (...) nesta corrente de pensamento extráese cada parte da nosa cultura que poda parecer útil (Betamosake, 2017:56, tradución propia).

Neste apartado estableceremos un diálogo entre as aportacións de Leanne Betasamosake Simpson, Alberto Acosta, Silvia Rivera Cusicanqui e Ramón Grosfoguel sobre extractivismo cognitivo e epistémico. A noción de extractivismo foi amplamente desenvolvida por diversas autorías desde dimensións como a económica (Acosta, 2012), tal vez a máis recoñecida, pero tamén desde dimensións epistemolóxicas, especialmente por pensadoras e pensadores das Américas, que será a que revisemos neste apartado para trasladar ás metodoloxías de investigación.

O extractivismo cognitivo foi unha noción proposta en 2013 pola intelectual indíxena canadense Leanne Betasamosake Simpson, estendendo a descrición das prácticas extractivistas sobre a terra e os recursos, á esfera das sabedorías e coñecementos producidos polo seu pobo. Na entrevista que lle realizou ese ano a periodista

canadense Naomi Klein, explica como nos anos oitenta, no marco dunha iniciativa da ONU sobre «o noso futuro común», xurdiron aproximacións aos coñecementos tradicionais para traducilos ás emerxentes perspectivas ambientais. Pero este interese polas prácticas e coñecementos de moitos pobos indíxenas non partía do respecto e da conversa de igual a igual, como parte dun exercicio honesto de aprendizaxe para formular ese «futuro común», senón da mentalidade extractiva e colonial que «busca extraer ideas como se extraen materias primas» (Grosfoguel, 2016:132) para subsumilas nos parámetros culturais occidentais, apropiándose das ideas e negando as súas xenealoxías e contextos políticos e sociais. É dicir, desprendéndoas de todo o seu potencial político e transformador.

o enfoque era moi extractivista: «Tomemos calquera ensino que vostedes poidan ter que nos axude fóra do seu contexto, lonxe dos portadores do seu coñecemento, fóra da súa linguaxe, e integrémolos nesta actitude asimilacionista». Esa é a idea de que o coñecemento tradicional e os pobos indíxenas teñen unha especie de secreto que a sociedade en xeral debe apropiarse sobre como vivir na terra de maneira non explotadora. Pero a actitude extractivista non é ter unha conversación e un diálogo e levar un coñecemento indíxena nos termos dos pobos indíxenas. Ten moito que ver con extraer calquera idea que científicos ou ambientalistas pensasen que era boa e asimilala. (Betasamosake, 2017:56, tradución propia).

As metodoloxías de investigación extractivistas aproxímanse aos territorios, pobos ou comunidades con axendas concretas, preguntas de investigación herméticas e obxectivos preestablecidos en base a unha serie de hipóteses de partida que reflicten os posicionamentos previos e as suposicións da mente investigadora. A actitude extractivista enténdese facilmente nos exemplos máis graves dos que xa existe un desprestixio relativamente consensuado, como a falta de ética das investigacións científicas que experimentan con seres humanos ou animais ou o manexo indiscriminado de datos protexidos sen considerar as vulnerabilidades derivadas; pero resulta un pouco máis complicado recoñecela e identificala noutras prácticas que forman parte dos métodos clásicos de traballo e que temos asumidas como «neutrais» e «obxectivas».

O obxectivo do extraccionismo epistémico é o saqueo de ideas para mercadealas e transformalas en capital económico ou para apropialas dentro da maquinaria académica occidental co fin de gañar capital simbólico (Grosfoguel, 2016:132, tradución propia).

No ámbito das ciencias sociais, aínda que tamén poden aplicarse a outras disciplinas, moitas prácticas extractivistas poden exemplificarse en situacións como as que se enumeran a continuación:

- **Investigacións sen consentimento informado:** recompilar información, testemuños ou historias de certos grupos asumindo que non se precisa consentimento ou mesmo que non están capacitados para outorgalo de forma informada. Ocultar información sobre o financiamento das nosas investigacións tamén vulnera o consentimento e supón unha falta de transparencia que pode conducir a prácticas extractivas. A miúdo recóllense datos sobre situacións sensibles ou violentas sen considerar as

posibles consecuencias para a poboación ou os posibles danos emocionais. Cando se trata de investigación sobre elementos non humanos pode parecer innecesaria esta consideración xa que unha paisaxe ou un grupo animal non pode dar o seu consentimento informado. Porén, en investigacións que involucran á natureza ou ao medio ambiente, existen outros principios éticos e consideracións importantes que deben ser respectados: Seguir unha ética ambiental con metodoloxías que minimicen calquera impacto nos ecosistemas, buscar o consentimento e a colaboración das comunidades locais, avaliar previamente os impactos directos e indirectos da nosa investigación ou deseñar procesos de difusión e divulgación dos resultados para evitar a reiteración de estudos e a saturación sobre os ecosistemas.

- **Explotación dos suxeitos estudados ou das persoas colaboradoras:** implicar ás comunidades nas que traballamos en tarefas vencelladas á nosa investigación sen que repercutan nun beneficio para elas, ás veces en forma de obradoiros que só teñen sentido no noso proxecto investigador e implican a explotación das persoas coas que dicimos participar.
- **Extracción de conceptos, prácticas ou relatos sen recoñecemento das fontes e dos contextos sociais e xeopolíticos onde foron producidos:** a utilización de cosmogonías, prácticas ou conceptos críticos para elaborar novas teorías é práctica común no sistema académico global. Os itinerarios destes eixes de extracción discorren moi próximos aos percorridos das materias primas e os recursos no sistema capitalista global e isto debería facernos reflexionar profundamente sobre a forma en que estamos producindo coñecementos. O recoñecemento das fontes e o non solapamento da autoría dos conceptos que incorporamos ao nosos traballos é un exercicio fundamental para unha metodoloxía non extractivista. Así mesmo, resulta imprescindible contextualizar a súa localización epistémica para non despolitizalos e respectar a súa xenealoxía.
- **Investigacións sen retorno ou mecanismos de devolución:** o sistema de difusión de resultados nos circuitos académicos, a través de revistas científicas ou congresos só repercute na adquisición de capital económico, simbólico, discursivo e crédito académico de quen ostenta a autoría da publicación. As lóxicas académicas fan case imposible escapar á publicación en espazos lexitimados como as revistas indexadas de prestixio, pero isto non elude a nosa responsabilidade para difundir os nosos traballos noutros espazos máis accesibles e democráticos, non necesariamente en forma documental, buscando o retorno aos lugares e comunidades onde se produciu a investigación. Divulgar en espazos non académicos, informais ou en medios públicos é unha parte importante da nosa obriga coa reciprocidade. Segundo sexa a casuística da investigación a devolución aos territorios e comunidades pode adoptar múltiples formas: desde a implicacións nas súas loitas, a contribución profesional segundo demandas concretas ou a conexión persoal con determinados espazos a medio e longo prazo.

No seu libro *A figueira das xitanas*, Noelia Cortés (2022) explica algunhas destas dinámicas de forma tan clara e incisiva que nos que nos remove por dentro. Como muller xitana farta de ser tratada como obxecto de investigación, critica as prácticas esencialistas e extractivistas dos suxeitos investigadores. Alén diso, pídenos explicacións e obríganos a ser máis honestas e a recoñecer que cando preguntamos por saberes ou experiencias ós pobos excluídos do circuíto de capital cultural e científico, producimos unha serie de coñecementos dos que nos beneficiamos en forma de lexitimidade dialéctica ou afianzamento académico ou laboral, mentres que as produtoras dese coñecemento permanecen no mesmo lugar. E esta é unha xerarquía de fondas raíces que, por moito respecto que mostremos no noso traballo, nunca lograremos vencer soas, así que o mínimo que debemos facer no camiño é recoñecela e deixar espazo para as xenealoxías daquelas ideas que producimos e as reivindicacións dos seus suxeitos.

Silvia Rivera Cusicanqui (2014) e Leanne Betasamosake Simpson (2013) expoñen unha crítica clara ao sistema de coñecemento no cal os pobos de abaixo achegan insumos aos de arriba que estes trituran e converten en coñecemento para devolvelo en forma de teoría crítica. Tamén apelan á responsabilidade e a honestidade daquelas que nos acheguemos a outras experiencias que non encarnamos, propoñendo «un cambio de mentalidade de considerar ao pobo indíxena como un recurso por extraer a considerarnos pobos e nacións intelixentes, articulados, relevantes, vivos, respirando» (Klein, 2017). As palabras de Cusicanqui resoan forte cando explica como:

A través do xogo do quen cita a quen, estrutúranse xerarquías e acabamos tendo que comer, regurxitado, o pensamento descolonizador que as poboacións e intelectuais indíxenas de Bolivia, Perú e Ecuador producimos independentemente (2010: 66, tradución propia).

Unha das derivadas destas prácticas extractivistas é que contribúen á ideoloxía na produción de coñecementos segundo a cal só se produce coñecemento obxectivo e universal desde Occidente e os países do Norte Global. A cadea de bibliografías, citacións e referencias dos circuitos académicos reproduce as ausencias que xeramos nos nosos traballos e incrementa á negación e a invisibilización das súas autorías e contextos propios.

Leanne Betasamosake (2017) ofrécenos unha alternativa ao extractivismo que podemos incorporar ao deseño de metodoloxías alternativas:

creo que cando a xente extrae cousas, tómanas e póñenas a funcionar para o seu propio ben. O que falta é a responsabilidade. Se non se están desenvolvendo relacións coa xente, non se está retribuindo, non se está quedando preto para ver o impacto da extracción. Está a irse a outro lugar. A alternativa é a reciprocidade profunda. É respecto, é relación, é responsabilidade, e é local. (Betasamosake, 2017: 57, tradución propia).

A reciprocidade profunda implica recoñecer nas comunidades inferiorizadas de calquera contexto, actores sociais que pensan, reflexionan e analizan o mundo e producen coñecementos válidos para todos e todas. Seguindo coa súa explicación, vivir en reciprocidade implica non extraer máis do que devolvemos, nunca máis do que necesitamos e sempre en relación á reprodución daquelo que nos serve ou do que



nos servimos. A extracción sen devolución produce destrución, extraer con atención aos principios de reprodución e dunha ecoloxía de saberes supón unha metodoloxía alternativa.

## 7. Enfoque de xénero na investigación

Obxectividade é o nome que se dá na sociedade patriarcal á subxectividade masculina. (Adrienne Rich).

Os nesgos de xénero na investigación exprésanse de forma constitutiva ás xerarquías explicadas no apartado 4 desta unidade didáctica. As contribucións das mulleres ao coñecemento foron sistemática e historicamente invisibilizadas cando non negadas ou expropiadas, o que aumenta a carencia de referentes femininos nas ciencias e en todas as disciplinas de coñecemento. A problemática vai máis alá da representación e o recoñecemento xa que as investigacións nas ciencias e ciencias sociais, en xeral, continúan sen incluír a ambos os sexos na maior parte dos seus estudos, con excepción daqueles estudos específicos sobre xénero ou sobre cuestións ou afeccións categorizadas como femininas.

Así, vemos de novo como o obxectivismo reclamado pola ciencia e a academia volve a representar só as experiencias, corpos e dimensións existenciais dun suxeito universal imaxinado e masculino. Un exemplo clásico son os profundos nesgos de xénero na investigación da saúde e na medicina, o que supón atrasos e disfuncións graves -incluso letais- nas diagnoses, a sobrediagnose de certas enfermidades de saúde mental, a non consideración de sintomatoloxías específicas ou a desvalorización da dor expresada polas mulleres.

Para evitar que as nosas investigacións contribúan a soste as estruturas de poder sexo-xénero, debemos deseñar metodoloxías que desactiven as dinámicas de discriminación nas tres dimensións identificadas por María Ángeles Durán (1996):

- Como suxeito de investigación.
- Como produtora de investigación e coñecemento.
- Como usuaria dos produtos da investigación ou da ciencia.

Ademais de sermos conscientes da propia identidade e do noso *locus* epistémico como se abordou nos puntos anteriores, resulta esencial formular metodoloxías conscientes. Isto é, incorporar as experiencias das mulleres como parte constitutiva das fontes primarias e visibilizar as formas específicas en que o problema de investigación identificado afecta ás mulleres en diferentes etapas da súa vida. Por último, incorporar traballos académicos, investigacións científicas e obras feitas por mulleres. Unha táctica habitual para visibilizar estas autorías é incluír os nomes propios, non só as iniciais como mandan as principais normas de citación académica.

Un proxecto recente e interesante que está a traballar nesta cuestión é: [Género y Comunicación de la Ciencia](#), unha actividade promovida pola Cátedra de Cultura Científica da Universidade do País Vasco (UPV-EHU). Durante a primeira xornada, en febreiro de 2023, Lorena Pérez Hernández, profesora e investigadora da Universidade da Rioxa, realizou unha conferencia titulada: *As mulleres, o lume e as cousas perigosas: representacións lingüísticas*, onde reflexionou sobre a linguaxe como instrumento de comunicación e tamén de cognición e como este impacta na negación do traballo das mulleres e as súas achegas ao coñecemento.

Tras a celebración da xornada elaborouse un decálogo baseado nas intervencións das relatoras desta primeira edición. Trátase dunha proposta que ofrece diversas estratexias para incorporar a perspectiva de xénero na comunicación científica e académica. Aínda que se trata de cuestións que debemos ter presentes desde o comezo de calquera investigación, considero que esta proposta de decálogo apórtanos unha ferramenta de verificación de gran utilidade para revisar os nosos traballos:

#### **Decálogo para unha comunicación científica con perspectiva de xénero:**

---

1. Practica a comunicación responsable: non existe comunicación aséptica, polo que polo que débese ser consciente de que, se se realiza sen prestar atención á perspectiva de xénero, pode ser contraproducente ao reforzar rumbos e prexuízos.
2. Sé consciente de que unha investigación pode realizarse sen perspectiva de xénero e que, por tanto, os resultados poden non ser xeneralizables. A perspectiva de xénero vai moito máis alá da composición dos equipos de investigación. Así, as preguntas expostas son relevantes, xa que xurdirán do que somos capaces de crer e isto pode depender do xénero. A perspectiva de xénero tamén afecta á metodoloxía que se use para obter datos que permitan responder estas preguntas e á narrativa que se cre para interpretar estes datos. A narrativa é tan importante como os propios datos: habitualmente un mesmo conxunto de datos é compatible con varias narrativas.
3. Marca criterios claros á hora de seleccionar fontes: acude á fonte orixinal, busca mulleres interlocutoras como expertas (aínda que ás veces a inmediatez apreme e sexa máis difícil que as científicas acepten colaborar cun medio) e prioriza os méritos antes que o cargo. Non só contactes con científicas cando haxa efemérides ou noticias sobre mulleres en disciplinas STEM. Esta práctica contribúe a invisibilizar os traballos científicos dos que son protagonistas directas.
4. Trata ás investigadoras con normalidade, igual que a un investigador home: sen referencias ao seu aspecto, vida persoal, orixe, idade ou calquera outra variable que non estea relacionada coa propia investigación.
5. Evita o uso de metáforas limitantes como «teito de cristal», «carreira de obstáculos» ou «buraco negro». Utiliza expresións que conviden á acción.
6. Identifica á investigadora con nome completo e apelidos, posto e institución. O uso do xenérico e as iniciais invisibiliza ás científicas.
7. Crea protagonistas cribles e imitables. Trata ás investigadoras segundo o seu mérito real, sen necesidade de que teñan que ser excepcionais, como non o son a maioría de investigadores homes.
8. Emprega unha linguaxe non sexista, inclusiva e non discriminatoria. Sabendo que, inconscientemente, o xeral interprétase como masculino, fuxe do perigo dos termos neutros que terminan por invisibilizar ás mulleres. Evita usar flexións como «x», «@» ou similares.
9. Usa imaxes acordes ao contido, evitando aquelas nas que a presenza da científica sexa mero «floreirismo». A protagonista ten que aparecer en primeiro plano

e mirando a cámara, sen necesidade de incorporar elementos que indiquen a súa actividade ou competencia (bata, uso de instrumental etc.)

10. Ao finalizar o teu traballo comproba e reflexiona: tratarías un científico home como trataches as científicas implicadas? Se a resposta é negativa ou dúbidas: relé o decálogo.

---

Fonte: Xénero e Comunicación da ciencia (tradución propia)

Outro proxecto relevante para afondar neste tema desde o contexto europeo é o [Gendered Innovations](#), que reclama ter en conta a perspectiva de xénero na innovación para engadir valor á investigación. Inclúe un apartado de *checklists* ou listas de comprobación para avaliar os nosos traballos, concretamente para as áreas de enxeñerías, saúde e medicina, planeamento urbano e deseño, entre outras. Tamén podemos explorar algúns casos de estudo nas diversas disciplinas.

Do mesmo xeito que moitas das decisións de excluír as mulleres a prol da simplidade, desde a arquitectura ata a investigación médica, esta conclusión só podía alcanzarse nunha cultura que concibe aos homes como o ser humano por defecto e ás mulleres como unha anomalía. Distorsionar unha realidade que un supostamente está a tratar de medir só ten sentido se non se ven as mulleres como algo esencial. Só ten sentido se se ven as mulleres como un extra engadido, un factor de complicación. Carece de sentido se se está falando da metade da raza humana. Carece de sentido se preocupan os datos precisos. (Criado, 2019: 247, tradución propia).

No ámbito da investigación e análise territorial, a perspectiva de xénero tivo un impacto fundamental no desenvolvemento do urbanismo feminista, así como no estudo das desigualdades territoriais e a comprensión das interseccións entre as experiencias marcadas polo xénero con outras dimensións como a etnoracial, capacitista, sexual-normativa, etaria ou de clase, entre outras. A investigación xeográfica e territorial con enfoque feminista interseccional enriquece o ámbito de estudo xa que implica unha comprensión moito máis completa das lóxicas nos territorios e das experiencias de quen os habita.

Para ampliar calquera das cuestións expostas nesta unidade didáctica, animo ao alumnado a consultar moita da bibliografía producida polas autorías mencionadas e a afondar noutras que non aparecen aquí por unha cuestión de síntese pero que resultan esenciais nesta liña de pensamento. Autorías do pensamento crítico decolonial e poscolonial son unha fonte fundamental para afondar nesta perspectiva, pero tamén outras non adscritas explicitamente a estas correntes de pensamento e tamén as máis específicas das diversas áreas de coñecemento que teñen indagado sobre novas metodoloxías de investigación e traballo. Calquera das autorías reflectidas nesta unidade didáctica representa un fío do que tirar para chegar a moitas destas indagacións.

## **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Todas as actividades serán entregadas a través do Campus Virtual.

A tarefa proposta para esta unidade didáctica é a seguinte:

### **Indagación sobre a metodoloxía**

A actividade desta materia consiste na indagación do enfoque metodolóxico a partir dun artigo breve de divulgación. O artigo adxunto presenta unha serie de reflexións, datos e informacións obtidas mediante unha metodoloxía non explicitada no texto e que vos deberedes trata de describir.

Esta tarefa pretende que o alumnado sexa capaz non só de afinar a intuición cando le textos divulgativos senón tamén que sexa quen de identificar que ferramentas metodolóxicas poderían ser útiles para as investigacións que consultamos.

Recoméndase dar forma ó documento que entreguedes a partir dos compoñentes metodolóxicos descritos na aula. Tipo de investigación, técnicas e instrumentos utilizados, poboación e mostraxe, fontes...

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

---

A avaliación desta unidade didáctica está imbricada na avaliación xeral da materia, que seguirá un sistema de avaliación continua. Así, na valoración final da materia completa obtense a partir do cálculo ponderado entre tres compoñentes: a asistencia e participación na aula, a entrega da actividade final proposta e o valor medio das actividades intermedias realizadas. O primeiro compoñente: asistencia e participación, representa un 10 % da cualificación total; o segundo: actividade final, representa un 50 % da nota e o terceiro: actividades intermedias, representan un 40 % da cualificación final da materia.

Propóñense dúas actividades intermedias vencelladas ás unidades didácticas dadas. Todas as entregas faranse na Aula Virtual e faranse correccións conxuntas de cada tarefa na aula.

A materia de Metodoloxía de investigación está formada por 6 unidades didácticas polo que a presente unidade 4 representa un 15 % da nota final. O alumnado con dispensa académica de asistencia a clase será avaliado do mesmo xeito.

A avaliación da docencia tamén é unha parte esencial para coñecer a percepción do alumnado con respecto ao conxunto da materia e á conexión das diferentes unidades didácticas coa resto das materias do mestrado. A través dun formulario anónimo recollerase a valoración do alumnado acerca dos contidos e a súa organización, ás actividades propostas e tamén os métodos de ensino empregados nesta unidade didáctica.

## **BIBLIOGRAFÍA**

---

ALCOFF, Linda (1992): The problem of speaking for others. *Cultural Critique*, (20), 5-32.

- BETASAMOSAKE SIMPSON, Leanne e KLEIN, Naomi (2017): Danzar el mundo para traerlo a la vida: conversación con Leanne Simpson de Idle No More. *Tabula Rasa*, (26), 51-70. <https://doi.org/10.25058/20112742.188>
- BISHOP, Russel (1996) Collaborative research stories. Dunmore Press.
- CRIADO-PÉREZ, Caroline (2019) Invisible Women. Exposing Data Bias in a World Designed for Men. Chatto & Windus.
- CORTÉS, Noelia (2022) La higuera de las gitanas. Ediciones en el mar.
- DELGADO J.M. y GUTIÉRREZ, J. (coords.). (1995). Métodos y técnicas de investigación en Ciencias Sociales. Madrid: Síntesis.
- DURÁN, María Ángeles (1996) Mujeres y hombres en el futuro de la ciencia. En *Mujeres y hombres en la formación de la teoría sociológica*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas, pp. 1-36.
- ECHART MUÑOZ, E., CABEZAS VALENCIA, R., SOTILLO LORENZO, J.A. (2016). (Coords.) Manual para la elaboración de investigaciones en cooperación para el desarrollo. Madrid: Los Libros de la Catarata.
- GROSFOGUEL, Ramón (2022): De la sociología de la descolonización al nuevo antiimperialismo decolonial. Ciudad de México: Akal.
- (2016): Del «extractivismo económico» al «extractivismo epistémico» y «extractivismo ontológico»: una forma destructiva de conocer, ser y estar en el mundo. *Tabula Rasa*, (24), 123-143. ISSN: 1794-2489. Disponible en: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39646776006>
- HABER, Alejandro (2011). Nometodología Payanesa: Notas de metodología indisciplina. *Revista Chilena De Antropología*, (23). Recuperado a partir de <https://revistadeantropologia.uchile.cl/index.php/RCA/article/view/15564>
- LUGONES, María (2008) Colonialidad y género. En *Tabula Rasa*. Bogotá - Colombia, No.9: 73-101.
- MALDONADO-TORRES, Nelson (2007) Sobre la colonialidad del ser: contribuciones al desarrollo de un concepto. En *El giro decolonial. Reflexiones para una diversidad epistémica más allá del capitalismo global*. pp.127-167. Disponible en: <http://www.ceapedi.com.ar/imagenes/biblioteca/libreria/147.pdf>
- NGŨGĨ WA Thiong’o (2015) Descolonizar la mente. La política lingüística de la literatura africana. DeBolsillo.
- RIVERA-CUSICANQUI, Silvia (2010) *Ch’ixinakax utxiwa. Una reflexión sobre prácticas y discursos descolonizadores*. Tinta Limón: Buenos Aires.
- RODRÍGUEZ Rosana Paula, DA COSTA Sofía (2019) Descolonizar las herramientas metodológicas. Una experiencia de investigación feminista Millcayac - Revista Digital de Ciencias Sociales, vol. VI, núm. 11, pp. 13-30. Disponible en: <https://www.redalyc.org/journal/5258/525867920001/html/>
- Situaciones, Colectivo (2002). «Prólogo. Sobre el método». En *Hipótesis 891: Más allá de los piquetes*, MTD de Solano y Colectivo Situaciones, pp. 9-22. Tinta Limón, Buenos Aires.
- TUHIWAI SMITH, Linda (1999) Descolonizar las metodologías. Txalaparta.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA